

VOLEI OURENSE

CIRCULAR DO CLUBE VOLEI OURENSE

Núm 1

Xaneiro-Febrero de 2009

www.voleyourense.es

voleyourense@voleyourense.es

691 832 020

Enviasmos esta primeira circular do ano 2009 que como vedes ten un novo formato. Pretendemos unha nova maneira de comunicar as actividades do Clube Volei Ourense que vos faga mais atrainte a información e que sexa de maior utilidade para toda a comunidade do Voleibol de Ourense.

VOLEI ESCOLAR

O pasado sábado 17 de xaneiro celebrouse a primeira xornada de volei escolar de 2009. No Pazo dos Deportes Paco Paz participaron os mais cativos que o pasaron en grande debutando coa ilusión dos mais novos. Nesta competición destacamos o dominio dos equipos do CPI Mende.

PARTIDOS 7-II-09 –PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ

ALEVIN	ALEVIN	BENXAMIN	BENXAMIN
Barco-Mende A	Divina Pastora-Guilleme A	Carmelitas-Mende B	Guilleme B-Divina Pastora
Barco-Guilleme A	Divina Pastora-CVO Paco Paz	Carmelitas-Divina Pastora	Guilleme B-Mende A
Barco-Divina Pastora	Guilleme B-Mende B	Carmelitas-Guilleme B	Divina Pastora-Mende B
Barco-CVO Paco Paz	Mende A-Divina Pastora	Carmelitas-Mende A	Mende B-Guilleme B
Barco-Mende B	Guilleme A-Bande		

TRANSPORTE PARA A ESCOLA DE VOLEI

A Directiva está valorando a posibilidade de ofrecer o servizo de transporte para asistir á escola de volei no Pazo dos Deportes Paco Paz tanto para a recollida como o regreso dos nenos e as nenas ás súas casas. Con esta medida pretendemos dar maiores facilidades ás familias para a práctica do Voleibol.

No més de Febreiro convocaremos unha reunión de pais e nais para valorar as necesidades e estudar os custos.

NOVAS EQUIPACIÓNS E REPORTAXE FOTOGRÁFICA

Todas as categorías contan con novas equipacións completas -chandal, camisola, pantalón e mochila- desde o pasado 15 de xaneiro. Con tal motivo, o CVO preparou unha reportaxe fotográfica de todos os equipos que podedes ver e baixar na páxina web do Clube www.voleyourense.es.

FRUTAS

Na reunión de xaneiro a Directiva do CVO tomou o acordo de dispor de fruta e auga nos adestramentos e partidos para xogadores e xogadoras. Con esta medida pretendemos evitar ao acabar os partidos o consumo de produtos e bebidas non sempre adecuados para a boa práctica deportiva e o crecemento saudable. Esta medida é totalmente voluntaria e precisaría do fundamental reforzo da familia. As frutas serán de temporada e de agricultura ecolóxica. CVO chegou a un acordo coa empresa por Labregos Daiquí www.daiqui.com.

VOLEI INTERNACIONAL EN GUIMARÃES

O próximo xoves día 12 de Febreiro decorrerá en Guimarães o partido da Liga Europea de Volei entre o VITÓRIA SC de Guimarães e o equipo grego Iraklis de Tesalonika. CVO organiza unha viaxe para xogadores/es, socio/as e quen nos queira acompañar. O custo por persoa é de 25€ e inclúe transporte, comida e o billete para presenciar o partido. Inclúese boletín de autorización para os/as menores de idade. Para máis información 691 832 020 e na páxina web do clube. O derradeiro día para confirmar a asistencia será **o martes 10 de febreiro**. www.vitoriavoleibol.blogspot.com



PLANTEL DO VITÓRIA SC

BOLETIN ASISTENCIA AO PARTIDO DA LIGA EUROPEA DE VOLEIBOL

D./D^a.....
pai/nai de.....
autorizo asistir ao partido da Liga Europea de Voleibol entre
Vitória de Guimarães e o Iraklis Tesalonika Grego,
organizado polo Clube Voleibol Ourense o día 12 de
Febreiro de 2009

3 de Febreiro de 2009